

**FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE.
ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-550.
(PORTO DO SON)**

1. Obxecto da actuación

O presente proxecto ten por obxecto a xustificación e definición das obras para a implantación dun itinerario mixto peonil e ciclista seguro, entre Portosín e os núcleos rurais adxacentes. Executarase unha senda paralela á estrada AC-550 ao longo de dous treitos independentes: 1º treito, entre os puntos quilométricos (PP.QQ.) 78+320 eo 79+400, comunica Linteiros e A Gafa pola marxe esquerda (ME), e o 2º treito entre os PP.QQ. 81+400 (final da zona urbana de Freixedo) e 84+600 (Campo de Prado), discorre pola marxe dereita (MD).

2. Plan de Estradas

A estrada AC-550 Cee (AC-552) - Ribeira (AC-305) no seu treito comprendido entre os PP.QQ. 78+320 e 84+600 pertencente á Rede Estruturante das estradas convencionais da Rede autonómica de estradas de Galicia (RAEG).

3. Descrición da actuación

A senda executarase en paralelo á estrada AC-550, no 1º treito pola ME percorrendo o núcleo de Linteiros, e prolóngase ao longo de 1.080 m, ata o P.Q. 79+400, na Gafa, onde empezan as beirarrúas que se prolongan ata Portosín. O 2º treito proxectase pola MD ao longo de 2.350 m, entre os PP.QQ. 81+400 e o 84+600, e comunicando as beirarrúas de Freixedo coas que se inician no tanatorio de Campo de Prado.

Entre os PP.QQ. 79+020 e 79+140, localízase unha zona de risco potencial de inundación e de fluxo preferente asociada ao río Hornanda, polo que se executará unha pasarela pilotada que salvará o propio río mediante un paso de 9 m de luz. O río Quintás (P.Q. 84+380), salvarase cunha estrutura de 15 m de luz con taboleiro mixto aceiro-formigón e estribos de formigón nos seus extremos.

Tamen se retranquearán 3 dos 6 refuxios para o bus, localizados ao longo do percorrido da senda e as outros 3 serán trasladados.

4. Características técnicas

Seccións:

Senda: variable (2,02 - 2,50 m). De forma moi puntual este ancho redúcese onde non é posible incrementar o espazo dispoñible. Irá elevada 4 cm sobre a beiravía.

Beiravía: 1,00 m

Bordos: bordo estético de formigón que delimita a senda: 22 x 15 cm e 1 m de lonxitude.

Firmes:

- **Senda:** pavimento de formigón HF-4.0 bicapa (14 cm), capa superior de cor terrizo (6 cm) e 8 cm de cor gris. Empregarase pavimento podotáctil nos cruces coas estradas municipais.

- **Entradas e accesos a fincas:** pavimento monocapa de formigón HF-4,0 de 20 cm de espesor en cor terrizo e con mallazo electrosoldado de aceiro de 15x15x10.

- **Reposición do firme existente da AC-550:** subbase de 30 cm de saburra artificial + capa intermedia (10 cm) de mestura bituminosa en quente (MBQ) tipo AC22 bin + capa de rodadura de 8,5 cm de MBQ tipo AC-16 surf BC 50/70 S (8,5 cm). Entre cada capa aplicarase as correspondentes regas de imprimación (C60BF4 IMP) e adherencia (C60B3 TER).

Estruturas:

Prevese executar unha pasarela pilotada que salvará o río Hornanda e unha estrutura de aceiro e formigón para salvar o río Quintás no P.Q. 83+532. Executaránse 2 muros de mampostería entre os PP.QQ. 78+880 e 78+930 e entre 83+483 e 83+532, e uns muretes de formigón entre os PP.QQ. 78+430 e 78+445 e no P.Q. 84+110.

Drenaxe:

En paralelo á calzada disporanse sumidoiros na beiravía, cada 20 m, que conducirán a escorrenta a un colector de pluviais que se colocará baixo a senda. Instalaranse pozos de rexistro cada 60 m como máximo.

5. Poboación Servida

Porto do Son 9.060 hab.

TOTAL 9.060 hab.

6. Concellos Afectados

Porto do Son

7. Expropiacións

Parcelas afectadas 26 fincas no concello de Porto do Son

Orzamento terreos 10.590,00€

5% de afección 529,50 €

Orzamento ocupación temporal 13,20 €

Orzamento total expropiacións 11.132,70 €

8. Prazo de execución

O prazo previsto de execución das obras é de **CATORCE (14) meses.**

9. Orzamentos


Orzamento Base de Licitación (c/IVE) 2.530.495,09 €

Orzamento Servizos afectados 71.800,00 €

Orzamento Expropiacións 11.132,70 €

Orzamento para coñecemento da administración 2.613.427,79€

PLANOS DE SITUACIÓN



SECCIONES TIPO

